



## Concello de Xinzo de Limia

### **NOTIFICACION COLECTIVA PROCESO DE SELECCIÓN DUN PROFESOR DE TROMPETA PARA A REALIZACIÓN DE CONTRATO LABORAL TEMPORAL DE SUBSTITUCIÓN DA PERSOA TRABALLADORA CONVOCATORIA PUBLICADA NO BOP de Ourense nº65 DE DATA 09/04/2026 (ARTIGO 45 DA LEI 39/2015, DE 1 DE OUTUBRO DE PROCEDIMENTO COMÚN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS)**

Por Decreto de Alcaldía de data 27/04/2026 resolveuse:

**“DECRETO APROBACIÓN LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS, BAREMACIÓN E REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN MEDIANTE MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS PARA A COBERTURA MEDIANTE CONTRATO TEMPORAL DE SUBSTITUCIÓN DE PERSOA TRABALLADORA DO POSTOS DUN/DUNHA PROFESOR/A DE TROMPETA DO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE XINZO DE LIMIA**

Visto Decreto de Alcaldía de data 6 de abril de 2026 polo que se procedeu á convocatoria para celebrar un contrato de traballo por substitución da persoa traballadora durante a ausencia dun/a PROFESOR/A DE TROMPETA DO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE XINZO DE LIMIA aplicando o procedemento de selección abreviado recollido na citada base sétima das bases xerais para a selección e aprobación de bolsas de emprego de persoal laboral temporal, publicadas no BOP de Ourense n.º 152 de 11/08/2025, designando ós membros da Comisión avaliadora.

Visto anuncio publicado no BOP número 65 en data 9 de abril de 2026.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, e vista acta do tribunal.

Vista renuncia presentado polo aspirante don Juan José Gajete Martín.

### **RESOLVO**

1º.-Aprobar a seguinte listaxe definitiva de aspirantes admitidos no proceso selectivo:

<b>LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS</b>					
DATA	Rto. De entrada	Nome	Apelidos	DNI	Aporta acreditación coñecemento do idioma galego
15/04/2026	2026-E-RE-661	Juan José	Gajete Martín	***6840**	Non acredita coñecemento do idioma galego polo que de non aportar a acreditación de coñecemento de idioma galego segundo o esixido nas bases, en caso de ser admitido e posteriormente seleccionado deberá realizar proba de galego
15/04/2026	2026-E-RE-667	Pablo	González Bargiela	***8953**	Si

2º.- Outorgar a seguinte puntuación ós aspirantes admitidos:





## Concello de Xinzo de Limia

### BAREMACIÓN:

DATA	Nº REXISTRO	NOME	APELLIDOS	DNI	EXPERIENCIA PROF.		MÉRITOS ACADÉMICOS		Puntuación total
					a	b	a	b	
15/04/2026	2026-E-RE-661	Juan José	Gajete Martín	***6840* *	0,15		2,9		3,05
15/04/2026	2026-E-RE-667	Pablo	González Bargiela	***8953* *		0,5			0,5

3º.- Aceptar a renuncia presentada polo aspirante con maior puntuación, don Juan José Gajete Martín.

4º.- Xa que logo, seleccionar ó candidato don Pablo González Bargiela, con DNI \*\*\*8953\*\*, para a realización dun contrato de SUBSTITUCIÓN DA PERSOA TRABALLADORA durante a ausencia do titular da praza de profesor/a de trompeta (previsiblemente dende o día 05/05/2026 ata o día 28/06/2026 (ambos incluídos). O anterior prazo é unha mera previsión, polo que se aclara que o contrato por substitución da persoa traballadora finalizará cando teña lugar a reincorporación do titular da praza inda que a reincorporación teña lugar antes de que se esgote o prazo.

5º.- Sinalar ó candidato seleccionado que deberá achegar antes da respectiva contratación nun prazo non superior a tres días hábiles dende a publicación desta resolución a seguinte documentación de non tela achegado anteriormente :

- Fotocopia da cartilla de afiliación á Seguridade Social.
- Certificado do Nº de Conta Bancaria para facer o ingreso da nómina.

6º.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica e na páxina web, expresando o réxime de recursos que caiban contra os puntos 1 e 2 da resolución.”

### RECURSOS:

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poden interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante á Alcaldía, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 y 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpoñer recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo. Igualmente poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren procedente y sexa conforme a dereito.

### DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

